



Amador Díaz Penín, Portavoz do Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Xinzo da Limia,

EXPÓN

No día de hoxe tivemos coñecemento dunha denuncia presentada por un veciño de Faramontaos. Ao parecer unha empresa privada recibiu instrucións para arrincar media ducia de carballos situados ao carón da "Fonte da Pía". **Diante da gravidade dos feitos acontecidos, xa que se destruíron irreparabilmente varias árbores sitas nun predio privado** sen contar co preceptivo permiso do titular e **se danou gravemente un entorno natural privilexiado** para o cal se invadiu propiedade particular.

SOLICITO

Teña a ben respostar por escrito, á maior brevidade posible, ás seguintes cuestións:

1. Ten o Concello coñecemento destes feitos? En caso afirmativo,
2. Quen solicitou a realización destes traballos?
3. Cal foi a motivación e que técnico determinou a necesidade de arrincar as árbores?
4. Obra no poder do Concello o informe pertinente avalado polo referido técnico?
5. Algún responsable do Concello tiña coñecemento previo de que se ían realizar?
6. Concedeu o Concello algún tipo de licencia ou autorización para executalos?
7. Ten pensado tomar algún tipo de medida ao respecto.

Sen outro particular, atentamente,

Asdo.: Amador Díaz Penín

En Xinzo da Limia, a 3 de marzo do 2008

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA